

Por resolución da Xerencia do 11 de xullo de 2024, convócase proceso de selección para elaborar unha listaxe de espera **da categoría profesional médico/a de empresa, grupo I**, da Universidade de Santiago de Compostela.

Por resolución do mesmo órgano, publicada no taboleiro electrónico da USC o 10 de setembro de 2024, publicouse a listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas o proceso.

Rematado o prazo de presentación de emendas, o xerente resolve:

1. Aprobar e publicar a **listaxe definitiva** de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección.
2. Declarar que non hai persoas admitidas.
3. Declarar excluídas as persoas que se relaciona no anexo desta resolución.
4. Declarar deserto o procedemento para a elaboración dunha listaxe de espera da categoría de médico/a de empresa por non existir candidatos que reúnan os requisitos para participar no procedemento.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández
(sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 17/09/2024 15:02:29.

CSV: 3FF1-7E48-43D0-941A